

## **20. 1ª DIVISIÓN MINIBASKET MASCULINO E FEMININO.**

### **20.1. EQUIPOS PARTICIPANTES**

Participarán nesta liga os 24 equipos como máximo.

### **20.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS**

Data Inscripción Liga: 15 setembro

### **20.3. XOGADORES**

A data límite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 28 de febreiro do 2017

Nesta categoría permitirase un máximo de 12 xogadoras que poderán ter licenza por un equipo e un mínimo de 10.

Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadores/as pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñadas nesta 1ª división, salvo que o club en cuestión teña máis de un equipo nela, neste caso non poderá aliñar ningunha xogadora dos equipos da mesma categoría que compitan na competición zonal.

### **20.4. ARBITRAXES.**

As arbitaxes serán zonais.

### **20.5. FORMA DE XOGO.**

Para permitir a preparación das Seleccións de Minibasket non se poderán poñer encontros os domingos pola tarde se algún equipo ten xogadores/as implicados.

As fases locais e a Liga FGB definiranse por estas categorías:

- a) Masculino e Mixto.
- b) Feminino.

O sistema de competición poderá modificalo o Comité de Actividades da FGB, debido ao número cambiante das inscricións nesta categoría.

### **20.6. LIGA**

Poderán inscribirse neste primeiro ano ata un máximo de 24 equipos que serán distribuídos por proximidade xeográfica en 4 grupos de 6 equipos cada un.

No caso de que non se cubran as 24 prazas os clubs poderán presentar un segundo equipo sendo a orde de selección destes equipos as zonas dos grupos onde se produzan as vacantes). Si se inscriben menos de 16 equipos o formato de xogo desta Liga FGB será similar o da temporada 15-16.

No caso de que teñamos máis de 24 equipos, seguirase o seguinte orde preferente para a aceptación da súa inscrición:

- 1º) Os clubs que disputaron a Liga FGB na temporada 2015-16.
- 2º) As delegacións dos clubs que máis equipos inscribiron na temporada 2015-16
- 3º) A Criterio do Comité de Actividades.

Si se inscriben os 24 equipos distribuiranse por proximidade xeográfica e xogarán da seguinte forma:

#### **Primeira Fase:**

- 4 Grupos de 6 equipos que disputarán unha liga a dobre volta (10 xornadas) Norte-1, Norte-2, Sur-1 e Sur-2)

#### **Segunda Fase:**

Os equipos clasificados do 1º ó 3º de cada un dos subgrupos formarán dous novos grupos Norte A-1 e Sur A-1 , e os clasificados do 4º ó 6º conformarán o Norte A-2 e Sur A-2. Todos eles xogarán liga a dobre volta (10 xornadas).

#### **Fase Clasificatoria a Final:**

A fase clasificatoria disputarana, por concentración no campo a designar pola FGB, os equipos clasificados nos postos 2º e 3º dos grupos Norte A-1 e Sur A-1, cos seguintes emparellamentos:

- 2º Norte A-1 – 3º Sur A-1 (eliminatória X)
- 2º Sur A-1 – 3º Norte A-1 (eliminatória Y)

#### **Final:**

O primeiro clasificado dos grupos Norte A-1 e Sur A-1, xogarán a “Final a 4” disputando o título de Campión e subcampión da Liga FGB xunto cos gañadores da Fase Clasificatoria Final cos seguintes emparellamentos:

- 1º Norte A-1 – Gañador eliminatória Y (1)
- 1º Sur A-1 - Gañador eliminatória X (2)
  
- Perdedor 1 - Perdedor 2 (3º-4º posto)
- Gañador 1 - Gañador 2 (1º-2º posto)

## 20.7 DATAS DE XOGO

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

Liga FGB :	Seleccións
Primeira Fase:	
Outubro: 9, 16, 23.	2-30
Novembro: 6, 13, 20, 27	
Decembro: 4, 18	11
Xaneiro: 22,	15
Segunda Fase	
Xaneiro: 29	15
Febreiro: 5, 12, 19	25
Marzo: 5, 12, 26	19
Abril: 23, 30	2-9
Maio 7	

Fase Final Liga FGB  
27 e 28 de maio

## 20.8. DATAS DE SORTEOS

Liga FGB:

Primeira Fase 19 de setembro, ás 18.00 horas o masculino e ás 18.30 h a feminina na sede central da FGB en Santiago.

Segunda Fase: 30 de xaneiro ás 18.00 h na sede central da FGB en Santiago.

## COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>

## 20.9 HORARIO DE XOGO

Os encontros terán que disputarse nas seguintes bandas horarias:

Sábado: 10.00 h. 12.00 h. 16.00 h. 18.00 h. e 20.00 horas. E o domingo: 10.00 h. 12.00 h e 17.00 h. e 19.00 h.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos

senalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a conformidade do equipo contrario.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo ás 10.00 h, ou o domingo ás 19.00 hrs., e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo ás 12.00 h ou as 16.00 h, 18.00 h ou 20.00 hrs. se é sábado e as 12.00 h ou as 17.00 hrs se o encontro se disputa en domingo, sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto”.

#### **20.10. TERREOS DE XOGO**

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial. Este terreo de xogo no que disputará os encontros deberá estar catalogado como mínimo como NIVEL III dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Nesta competición será obrigatorio o marcador electrónico.

Nos encontros en que participen equipos que realicen desprazamentos e no caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente, e por falta de previsión do equipo local, tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este, sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

#### **20.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO**

O balón oficial de xogo para esta categoría será da marca MOLTEN minibasket. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

#### **20.12. DÍA DO MINIBASKET GALEGO**

A FGB poderá organizar, directamente ou a través dunha delegación, o Día do Minibasket Galego, cunha finalidade de festa deportiva e de promoción da práctica do baloncesto.

#### **20.13. XUNTANZA DO MINIBASKET GALEGO**

Así mesmo, os días 24 ou 25 de Setembro celebrarase a Xuntanza do Minibasket Galego, nunha localidade a designar pola Area Deportiva da FGB.

A tal efecto non se poderán disputar partidos das ligas nestas datas.